

# + XOXO GARRA

## CAMPAMENTOS CENTROS CÍVICOS 2024

Aberta a  
preinscrición  
do 20 ao 22  
de maio



Máis información en  
[coruna.gal/campamentos2024](https://coruna.gal/campamentos2024)

# CAMPAMENTOS MUNICIPAIS

## INFORMACIÓN CAMPAMENTOS URBANOS NOS CENTROS CÍVICOS 2024

### PERSOAS DESTINATARIAS

Para nenas e nenos nados do 1/1/2012  
ao 31/12/2020

\*Ofértanse prazas para menores con diversidade funcional en grao que non lles impida participar nas actividades co grupo. Contarán con monitorado de apoio que non realizará tarefas de carácter sanitario.

\*\*Existen becas e reserva de prazas para menores usuarias/os dos programas sociais municipais.

### CALENDARIO

**Preinscrición:** 20, 21 e 22 de maio na web [coruna.gal/campamentos2024](http://coruna.gal/campamentos2024) e [coruna.gal/servizossociais](http://coruna.gal/servizossociais)

Aquelas persoas que non dispoñan de medios informáticos para realizar a preinscrición e inscrición por vía telemática poderán chamar ao número **682 054 561 (tres líneas de atención)** en horario ininterrumpido de 9.00 a 20.00 h

\*Un mesmo menor pode solicitar, indicando o orde de preferencia, ata tres quendas de campamento urbano, no mesmo centro cívico ou en centros cívicos diferentes.

\*\*Non se poden solicitar as mesmas quendas en centros cívicos diferentes. No caso de detectarse as mesmas peticións para un mesmo menor en varios centros cívicos, anularánselle todas.

\*\*\*No momento no que se formalice a preinscrición, a/o interesada/o recibirá un correo electrónico co resumo da mesma.

\*\*\*\*A preinscrición dos/das menores que soliciten praza de diversidade funcional acompañarase dunha ficha de coñecemento persoal que permitirá ao monitorado coñecer e planificar os apoios necesarios para unha correcta atención do/da menor.

\*\*\*\*\*Os nenos e nenas que soliciten praza de diversidade funcional, terán unha numeración e un sorteo propio.

\*\*\*\*\*Os irmáns deberán anotarse de forma correlativa. Se non é así, non se garante que estean xuntos.

\*\*\*\*\*No caso de que haxa duplicidade nalgunha solicitude por realizala dúas persoas distintas ou a mesma para un mesmo menor terase en conta a realizada en último lugar.

### Publicación de listaxes de menores preinscritas/os: 31 de maio.

\*As listaxes poderán consultarse nas webs: [coruna.gal/campamentos2024](http://coruna.gal/campamentos2024) e [coruna.gal/servizossociais](http://coruna.gal/servizossociais) así como no 010 ou nas portas dos centros cívicos.

### Reclamacións: 31 de mayo. 1\* y 3 de xuño

No teléfono 682 054 561.

En horario de 9:00 a 20:00 h

\*O día 1, sábado, o horario será de 9:00 a 14:00 h

### Sorteo das prazas: 5 de xuño.

**Publicación de listaxes de admitidas/os:** 11 de xuño nas webs [coruna.gal/campamentos2024](http://coruna.gal/campamentos2024) e [coruna.gal/servizossociais](http://coruna.gal/servizossociais), no 010 ou nas portas dos centros cívicos.

### Inscrición e abono: : 11 a 17 de xuño.

\*Se un/unha menor resulta admitido/a e ten irmáns ou irmás cun número correlativo de preinscrición, ben sexa anterior ou posterior, todas/os obterán praza.

\*\*Requirirase un número mínimo de 9 participantes por grupo para formar o mesmo.

\*\*\*Unha vez formalizada a inscrición, non se terá dereito á devolución da cota do campamento excepto por causas imputables ao prestador do servizo.

\*\*\*\*A inscrición supón a aceptación e o estrito

cumprimento do horario do campamento no que se inscribiu. O feito de non cumprilo poderá supoñer a perda da praza. As chamadas a lista de espera faranse a partir do 18 de xuño.

### QUENDAS

1ª Quenda: do 1 ao 15 de xullo.

2ª Quenda: do 16 ao 31 de xullo .

3ª Quenda: do 1 ao 14 de agosto.

4ª Quenda: do 16 ao 30 de agosto.

5ª Quenda: do 2 ao 10 de setembro.

### HORARIO

**Xeral:** de luns a venres de 10:00 a 14:00 h

**Ampliado:** de luns a venres de 09:00 a 14:30 h

\*Os días festivos non haberá campamento.

### ESPAZO DE REALIZACIÓN

**En horario xeral e ampliado en tódalas as quincenas nos seguintes Centros Cívicos:** Castrillón, Eirís, Elviña, Labañou, Mallos, Novo Mesoiro, Monelos, Monte Alto, Novoboandanza, Palavea, Rosales e San Diego.

**En horario xeral nas dúas quincenas do mes de xullo nos seguintes Centro Cívicos:** Feáns, San Pedro de Visma, A Silva, Artesáns, Sagrada Familia, Santa Margarita, Santa Lucía e Pescadores.

### Nº PRAZAS

2.250

### COTA DE INSCRICIÓN

26,00 € para horario xeral.

32,00 € para horario ampliado.

\*\*Número de conta para realizar o pagamento

ES98 2085 8313 8203 3027 0923

O xustificante do pago se subirá á web así como aquela documentación que sexa requirida. As persoas que realicen a inscrición por teléfono téran que achegar o xustificante de pago ao correo: [vitae.coruna@grupovitae.com](mailto:vitae.coruna@grupovitae.com)

Se se desexa obter factura do pago deberá marcarse a casa correspondente ao realizar a solicitude, a factura emitirase o nome da persoa que faga a solicitude.

### CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigação de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

+ INFORMACIÓN E INSCRICIÓN EN:  
**CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2024**  
**E CORUNA.GAL/SERVIZOSSOCIAIS**